



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias abril 2021

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2021

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de abril do ano 2021 acadou a cifra de 1.001.994 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de marzo de 2021 de 3.260 afiliacións (0,33%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 19.055.298, rexistrando unha subida do 0,71% con respecto ao pasado mes de marzo.

Na comparativa interanual (abril de 2021 con abril de 2020) obsérvase un aumento de 27.223 afiliacións no total do sistema en Galicia (2,79%) e un aumento do 3,23% (596.631 afiliacións) no conxunto estatal. As comparacións con respecto ao ano pasado non son moi representativas debido ao forte impacto que a pandemia da COVID tivo no mercado laboral no mes de abril de 2020.


Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de marzo de 2021, rexístrase unha subida das afiliacións en todas as comunidades autónomas, destacando Illes Balears, Murcia, Navarra e Extremadura (con taxas superiores ao 1,00%), mentres que Canarias é a que menos crece (cunha taxa por debaixo do 0,20%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en dezaseis das dezasete comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Andalucía (5,60%), Castilla La Mancha (5,29%) e Murcia (5,22%); mentres que diminúen as afiliacións soamente en Illes Balears (-6,47%).

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA ABRIL 2021	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	19.055.298	134.396	0,71	596.631	3,23
Galicia	1.001.994	3.260	0,33	27.223	2,79
Andalucía	3.127.322	30.284	0,98	165.864	5,60
Aragón	566.402	2.512	0,45	11.926	2,15
Asturias	359.418	1.616	0,45	8.421	2,40
Illes Balears	431.026	11.528	2,75	-29.824	-6,47
Canarias	773.108	1.233	0,16	13.762	1,81
Cantabria	216.146	1.304	0,61	7.790	3,74
Castilla La Mancha	709.906	4.037	0,57	35.669	5,29
Castilla y León	903.453	3.858	0,43	19.038	2,15
Cataluña	3.398.065	21.928	0,65	88.118	2,66
Comunitat Valenciana	1.904.351	11.472	0,61	79.716	4,37
Extremadura	391.415	4.466	1,15	16.268	4,34
Madrid	3.244.032	21.521	0,67	103.489	3,30
Murcia	607.532	8.596	1,44	30.129	5,22
Navarra	289.273	3.358	1,17	7.092	2,51
País Vasco	957.660	2.599	0,27	8.689	0,92
La Rioja	128.236	688	0,54	3.015	2,41
Ceuta e Melilla	45.961	135	0,29	246	0,54

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

¹ O Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones dende o informe de marzo de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. Pontevedra é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 3,76%, o que supón 12.732 afiliacións máis, seguida de A Coruña (2,76%), Ourense (1,72%) e, por último, Lugo (1,02%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de abril con respecto ás do mes de marzo de 2021, rexistrouse en Galicia unha subida do 0,33%. Todas as provincias amosan datos positivos, sendo Lugo a que máis crece (0,40%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA ABRIL 2021	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	430.210	1.407	0,33	11.573	2,76
LUGO	119.681	475	0,40	1.214	1,02
OURENSE	100.694	178	0,18	1.705	1,72
PONTEVEDRA	351.409	1.200	0,34	12.732	3,76
GALICIA	1.001.994	3.260	0,33	27.223	2,79
ESPAÑA	19.055.298	134.396	0,71	596.631	3,23


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,2% das afiliacións galegas en abril de 2021, aumentaron un 0,40% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 3,42%. En España estas taxas foron do 0,76% con respecto a marzo de 2021 e do 3,39% en relación ao mes de abril de 2020. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (71,2%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Lugo (-0,95%) amosa a taxa de variación interanual máis negativa, e Pontevedra (2,02%), a taxa máis positiva. O crecemento medio da comunidade galega sitúase entón no 0,89%. Para este réxime e con respecto ao mes de marzo de 2021, soben todas as provincias, agás Ourense, resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do 0,22%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual (2,54%) e intermensual (0,47%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a abril de 2020, rexístranse baixadas en todas as provincias, destacando a caída que se produce en Lugo (-2,00%). A taxa galega acaba entón o -0,84%, sendo inferior á de España (0,40%). Con respecto a marzo de 2021, atopamos a maior taxa en Lugo (3,53%) e a menor en A Coruña (-3,77%). A taxa galega amosa así unha diminución do 1,38% con respecto a marzo de 2021. A taxa nacional é do 1,41%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN ABRIL 2021	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	430.210	0,33	2,76
LUGO	119.681	0,40	1,02
OURENSE	100.694	0,18	1,72
PONTEVEDRA	351.409	0,34	3,76
GALICIA	1.001.994	0,33	2,79
ESPAÑA	19.055.298	0,71	3,23
R. XERAL			
A CORUÑA	339.942	0,42	3,28
LUGO	85.158	0,49	1,87
OURENSE	77.438	0,26	2,26
PONTEVEDRA	271.337	0,38	4,42
GALICIA	773.874	0,40	3,42
ESPAÑA	15.699.775	0,76	3,39
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	84.683	0,23	0,99
LUGO	33.028	0,02	-0,95
OURENSE	23.256	-0,09	-0,03
PONTEVEDRA	67.277	0,40	2,02
GALICIA	208.245	0,22	0,89
ESPAÑA	3.292.932	0,47	2,54
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.585	-3,77	-0,98
LUGO	1.495	3,53	-2,00
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.795	-0,86	-0,65
GALICIA	19.875	-1,38	-0,84
ESPAÑA	61.530	1,41	0,40

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

5.- Expediente de Regulación Temporal de Empleo (ERTE)

Por último, debemos sinalar que dentro do total de afiliados a día 29 de abril* de 2021 en Galicia, había 26.998 que se atopaban protexidos por algún tipo de ERTE (de forza maior, non de forza maior ou dos RDL 30/2020, 35/2020 e a súa prórroga no RDL 2/2021), 138.040 menos fronte ao máximo notificado, rexistrado hai un ano, o 30 de abril de 2020 (-83,64%). No total de España, o número de afectados por un ERTE a 29 de abril é de 638.283, producíndose unha diminución de 2.748.502 respecto ao peche de abril do ano pasado (-81,15%).

Cadro 4.- EVOLUCIÓN DOS ERTE POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS			
CCAA	NOTIFICADOS A 29 DE ABRIL 2021	VARIACIÓN	
		ÚLTIMO DÍA DE ABRIL 2020	
		ABSOLUTA	RELATIVA
España	638.283	-2.748.502	-81,15
Galicia	26.998	-138.040	-83,64
Andalucía	84.913	-392.479	-82,21
Aragón	12.084	-74.902	-86,11
Asturias	12.413	-46.808	-79,04
Illes Balears	29.194	-112.420	-79,38
Canarias	84.531	-147.006	-63,49
Cantabria	6.120	-29.427	-82,78
Castilla La Mancha	12.628	-86.714	-87,29
Castilla y León	24.413	-121.092	-83,22
Cataluña	136.559	-542.125	-79,88
Comunitat Valenciana	59.511	-290.123	-82,98
Extremadura	5.763	-34.126	-85,55
Madrid	97.315	-468.992	-82,82
Murcia	8.745	-70.941	-89,03
Navarra	6.716	-43.041	-86,50
País Vasco	25.758	-127.114	-83,15
La Rioja	3.137	-18.481	-85,49
Ceuta e Melilla	1.485	-4.671	-75,88

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

En canto a situación en Galicia, a maior baixada dende máximos ten lugar en Pontevedra (-85,26%) con 52.663 persoas menos.

Cadro 5.- EVOLUCIÓN DOS ERTE. GALICIA E PROVINCIAS			
PROVINCIAS	NOTIFICADOS A 29 DE ABRIL 2021	VARIACIÓN	
		ÚLTIMO DÍA DE ABRIL 2020	
		ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	12.107	-57.423	-82,59
LUGO	2.793	-13.189	-82,52
OURENSE	2.990	-14.765	-83,16
PONTEVEDRA	9.108	-52.663	-85,26
GALICIA	26.998	-138.040	-83,64

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

* Debido a problemas técnicos, o último dato de referencia é o do día 29 de abril.

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>